

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 8 de novembro de 2010

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. Eudósio Álvarez Álvarez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
 D. José Manuel Mariño Mendoza
 DI.

NON ASISTEN:

D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira

D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás once horas e cinco minutos do día oito de novembro de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitútese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1.773).- ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIA DO 4 DE OUTUBRO, EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 6 DE OUTUBRO E ORDINARIA DO 11 DE OUTUBRO DE 2010.

Apróbanse as actas das sesións ordinaria do 4 de outubro, extraordinaria e urxente do 6 de outubro e ordinaria do 11 de outubro de 2010. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1.774).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO. EXPTE. 6724/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de admon. Xeral-xefe de Protocolo e RR PP do 26-05-2010, conformado pola concelleira-delegada de Facenda, vistos os informes da Asesoría Xurídica e o de fiscalización da Intervención Xeral de datas 5 e 26 de outubro de 2010, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Conceder a Asociación de Corais Polifónicas de Vigo, CIF G-36980928, unha subvención pola contía de 60.600 euros, con cargo á partida de Alcaldía 912.0.489.00.04 (Outras subvencións), ou bolsa de vinculación.

2º.- A subvención terá como destino as actividades da asociación con especial incidencia no Festival de Habaneras e Polifonía e Maratón Coral Voces Galegas.

3º.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

4º.-A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Subvencións de Galicia.

5º.- A beneficiaria, ao remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos

incurridos; os xustificantes de pago dos gastos incurridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiarán tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se o beneficiario solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

6º.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

7º.- O beneficiario deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Vigo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

8.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

9.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir o beneficiario da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

10.- O beneficiario está informado de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo.

O beneficiario poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.

11.- No demais, a concesión da subvención obxecto da presente resolución, rexeráse pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

3(1.775).- PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES SINDICAIS CC OO, UGT E CIG. EXPTE. 4693/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe de participación e Atención Cidadá do 18-06-2010, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, vistos os informes das Asesoría Xurídica e de fiscalización da Intervención Xeral Municipal de datas 20-09 e 26-10-2010, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e as Unións Comarcais dos sindicatos:

- Unión Xeral de Traballadores (UGT), con CIF:G15383011
- Comisións Obreiras de Vigo (CCOO), con CIF: G15103112
- Confederación Intersindical Galega (CIG), con CIF: G36706927

2º.- Autorizar o gasto de 43.200 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, distribuído por terceiras e iguais partes (14.400 €) a favor das devanditas Unións Comarcais, con cargo á partida 9240.4890003 “Convenio CC. Sindicais”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2010.

3º.- Facultar ao concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E AS UNIÓN S COMARCAIS
DOS SINDICATOS: UGT, CCOO E CIG**

En Vigo, ----- de -----de dous mil dez

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n, de Vigo.

Doutra parte, os representantes designados polas entidades sindicais segundo resulta da certificación que figura na documentación do expediente núm. 4693-320.

D. Antonio Juste Iglesias, secretario xeral da Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores de Vigo, UGT, con CIF: G-15383011

D. Xosé Cameselle Romero, secretario xeral da Unión Comarcal de Comisión Obreiras de Vigo, CCOO, con CIF: G-15103112

D. Serafín Otero Fernández , secretario xeral da Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega, CIG, con CIF: G-36706927

Tendo, daquela os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidades sindicais, conforme o establecido nos seus estatutos asumen, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- Defensa dos intereses dos traballadores e traballadoras.
- Defender as reivindicacións dos traballadores e traballadoras, así como todos aqueles que por razóns de incapacidade laboral, viuvez, prexubilación e xubilación non participan na produción activa.
- Promover a construción de formas unitarias de representación dos traballadores e traballadoras, a partir de asembleas e dos organismos que os propios traballadores e traballadoras elixan democraticamente.
- Defender e afianzar a democracia no funcionamento das institucións políticas, na sociedade e no Estado.
- Independencia dos poderes económicos, dos partidos políticos, da Administración ou de calquera outro interese alleo a ós seus fins.
- Impulsar e desenvolver a igualdade de oportunidades, así como combater a discriminación que por sexo, idade, raza, ou orixe étnica e as conviccións políticas e relixiosas se produza.
- Esixir dos poderes públicos leis que favorezan os intereses do traballo.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar sindicatos e a afiliarse ao da súa elección, así como o recoñecemento aos sindicatos de traballadores e asociacións empresariais a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación do sindicatos é fundamental.

Dentro das medidas de fomento de apoio á participación cidadá en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario as cales redundan no beneficio da cidade.

III.- Que o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 9240.4890003 (“Convenio CC. Sindicais”), prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe total de 43.200 €, para repartir por terceiras e iguais partes (14.400 €) entre as unións comarcais dos sindicatos UGT, CIG e CCOO.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedinte, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é regular a colaboración e cooperación das catro entidades, de xeito que este esforzo conxunto permita a prestación descentralizada dun servizo de información e atención á cidadanía e o desenvolvemento dun conxunto de accións sociais de interese xeral aos veciños e veciñas deste cidade, recollidas na documentación que se acompaña.

V.- Que as devanditas entidades sindicais, non están incursas en prohibición para ser beneficiarias das subvencións obxecto da Lei de Subvencións de Galicia, atópanse ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non teñen débedas pendentes con Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente número 4693-320.

VI.- Que en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolven as entidades, o Concello de Vigo e as devanditas organizacións conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- As entidades sindicais comprométese a colaborar coa concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo para o fomento das actividades previstas e, concretamente, a:

1.- Asumir a programación, organización e xestión das seguintes actividades:

- ✓ Xestionar nas súas dependencias unha oficina de información municipal de acceso para toda á cidadanía.
- ✓ Realizar diversas xornadas relacionadas co ámbito económico, laboral, cultural ou social.

1.- Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Participación Cidadá, cunha antelación de 15 días naturais, o lugar, datas e horas de inicio das actividades, e programación para desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.

3.- Contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros. Asemade esta incluirá a responsabilidade civil locativa que ampare calquera dano que poida ocasionar ó local polos actos u omisións de carácter negligente co límite de indemnización mínima fixado no acordo de cesión do Pleno do Concello de Vigo, e en todo caso a falta deste acordo polo importe mínimo de 300.506 € .

- 4.- *Editar o material gráfico da programación das actividades sociais que figuran no convenio e a súa distribución no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo -Concellería de Participación Cidadá- como patrocinador das actividades, sendo esta cuestión extensible ás placas de trofeos, carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.*
- 5.- *Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
- 6.- *Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.*
- 7.- *As actividades de carácter sociocomunitario recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.*
- 8.- *Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

Segundo.- *O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

- a). *Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.*
- b). *Respectar a estrutura organizativa das entidades sindicais: UGT, CIG, CCOO.*
- c). *Conceder directamente ás devanditas entidades unha subvención total por importe de 43.200 € co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.*

Terceiro.- *Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou en público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada; suposto no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- *Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.*

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidades sindicais.

Quinto.- *Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

Sexto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución das actividades que constitúen o obxecto da subvención.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade do financiamento municipal nas actividades subvencionadas mediante a inserción do logo do Servizo de Participación Cidadá en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto.

Oitavo.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 15 da Lei Galega de Subvencións ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais como se prevé no art. 15.2.a) da citada Lei.

Noveno.- Liquidación Final: As entidades beneficiarias entregarán no prazo máximo de tres meses desde a finalización do convenio unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual, e unha conta xustificativa cos xustificantes de gastos ou calquera outro documento de validez xurídica que acredite o cumprimento do obxecto do convenio.

As contas xustificativas conterán, con carácter xeral, a seguinte documentación:

a).- Solicitude de liquidación final.

b).- Memoria descritiva das actuacións xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, a ser posible, a seguinte información:

- Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado
- Datas e lugar de celebración.
- Colectivo afectado, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
- Actuacións realizadas.
- Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

c).- Relación numerada correlativamente de todos e cada un dos documentos xustificativos que se presenten, con identificación do acredor, obxecto facturado, importe, data e forma de pago. Nas facturas se computará o gastos acreditados deducido o IVE, salvo que a entidade ou asociación acredite que está exenta de IVE, xa que en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.

d).- Facturas ou documentos xustificativos orixinais (posible devolución conforme ao apartado d.1), polo importe total da subvención outorgada.

d.1.- Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser estampillados polo Servizo de Participación Cidadá, mediante un selo existente ao efecto, no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificantes imputouse total ou parcialmente á subvención.

d.2.- Os gastos realizados se acreditarán mediante facturas con todos os seus elementos e en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa. Os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (R.D. 1496/2003) , considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base impoñible, tipo

do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.

d.3.- As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención, aínda que esta cantidade non sexa imputable á subvención a xustificar.

e).- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

f).- Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo Primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen ao longo do ano 2010.

No suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultaría ou asistencia técnica, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, se é o caso, na solicitude da subvención, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo Segundo.- A realización da actividade, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que

poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo Terceiro.- *A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

Décimo Cuarto.- *Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- *En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

Décimo sexto.- *A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- *A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por sextuplicado exemplar, en Vigo, ----- de ----- de 2010.

ANEXO I

ACTIVIDADES DAS ENTIDADES

PROGRAMA DE ACTIVIDADES 2010	ORZAMENTO
UGT <i>Servizo de información e atención ao cidadán</i> <i>Xornada: “Incidencia dos factores psicosociais no ámbito laboral”</i> <i>Xornada: “Aplicación nas empresas da avaliación de riscos e o plan de emerxencia”</i> Total	 27.450,00 €
CIG <i>Servizo de información e atención ao cidadán</i> <i>Xornada: “Crise económica e alternativas”</i> <i>Xornada: “A Gripe A, orixe e consecuencias”</i> Total	 18.400,00 €
CCOO <i>Servizo de información e atención ao cidadán</i> <i>Xornada: “Xuventude e iniciativas de emprego”</i> <i>Xornada: “O hospital que queremos: Inversión pública-privado”</i> <i>Xornada: “Mobilidade Sostible”</i> Total	 24.555,79 €

4(1.776).- CONCESIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 13/474.
Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta da traballadora social do 27-10-2010, conformado pola concelleira-delegada de Benestar Social, a Xunta de Goberno Local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a D. Manuel Conde Mejuto. Expte. 13/474.

5(1.777).- CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE VIGO- ASOCIACIÓN PLAN COMUNITARIO DE TEIS PARA DESENVOLVEMENTO

DUN PROXECTO DE INTERVENCIÓN PSICOPEDAGÓXICA, LÚDICA E SOCIAL. ANO 2010. EXPTE. 54494/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 21-05-2010, asinado pola técnica de Servizos Sociais, pola xefa do Servizo de Igualdade, xefa do Servizo de Normalización Lingüística e xefa do servizo de Xuventude, conformado pola concelleira-delegada de Benestar Social e pola concelleira-delegada de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística, vistos os informes da Asesoría Xurídica e de fiscalización emitido pola Intervención Xeral Municipal do 11 e 29 de outubro de 2010, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Asociación Plan Comunitario de Teis, CIF.: G36791960 para o desenvolvemento dun proxecto de intervención psicopedagóxica, lúdica e social para nenos e nenas de seis a doce anos do barrio de Teis, coa realización das actuacións concretas que figuran no convenio.

2º.- Aprobar o gasto de 44.550- (corenta e catro mil cincocentos cincuenta) euros, importe total do citado convenio, que se fará con cargo ás seguintes partidas e do xeito seguinte:

- 21.000.- € con cargo á partida 2310.226.09.07. de Benestar Social ou a súa bolsa de vinculación, dos cales, 10.500.- € imputaranse ao exercicio de 2010 e 10.500,. € ao exercicio do 2011.
- 12.850.- € con cargo á partida 3370.227.99.12 de Xuventude;, dos cales 8.775.- € imputaranse ao exercicio do 2010 e 4.075.- € ao exercicio de 2011.
- 7.700.- € con cargo á partida 2311.227.99.06 de Igualdade ou a súa bolsa de vinculación, os 7.700.- € imputaranse ao exercicio de 2011, e
- 3.000.- € con cargo á partida 1692.227.99.04 de Normalización Lingüística ou a súa bolsa de vinculación,, os cales imputaranse ao exercicio de 2010.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O PLAN COMUNITARIO DE TEIS PARA UN PROXECTO DE INTERVENCIÓN PSICOPEDAGÓXICA, LÚDICA E SOCIAL

En Vigo, a de de 2010

REUNIDOS

Dunha parte D^a María Xosé Méndez Piñeiro, Concelleira - Delegada da Área de Benestar Social do Concello de Vigo e D^a Iolanda Veloso Ríos, Concelleira – Delegada das áreas de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística do Concello de Vigo, nomeadas por decreto da Alcaldía sobre Delegación de atribucións de data 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007, segundo o dispón a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte, D. Eduardo García Crespo, na súa calidade de Presidente do Plan Comunitario de Teis, elixido en Asemblea Xeral de 25 de setembro de 2003 e segundo consta no artigo 30 dos estatutos da asociación que lle atribúen a representación pública do mesmo.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

M A N I F E S T A N

I.- A asociación Plan Comunitario de Teis, ten entre os seus obxectivos fomentar a interacción no barrio de todos os sectores sociais; desenvolver proxectos e actividades tendentes á potenciación da saúde, educación, cultura e benestar, así como, fomentar a participación cidadá na resolución dos problemas que lles afecten e realizar todo tipo de intervención llexítima para mellorar a calidade de vida da cidadanía.

II.- Dende o Concello de Vigo se sabe que as accións desenvolvidas para a atención da infancia en situación de risco dende equipos multidisciplinares relacionando institucións como a escola, os servizos sociais, os servizos de xuventude e a propia familia, estanse a amosar como o xeito máis adecuado de traballo.

A Constitución Española, no seu artigo 39, impón a obriga dos poderes públicos de dispensar unha protección xurídica, económica e social ás familias, aos nenos e ás nenas e á mocidade, no canto aos dereitos que lles son recoñecidos polas normas convencionais e acordos internacionais. Destácase aquí a Convención dos Dereitos do Neno e a Nena da ONU, do 20 de novembro de 1989, ratificada polo Reino de España.

O Estatuto de Autonomía de Galiza, Lei Orgánica 1/1981 do 6 de abril (BOE nº 101, do 28/04/81) determina, en correspondencia coa Constitución, que a materia de asistencia social é de exclusiva competencia da Comunidade Autónoma (art. 27.23). Así mesmo, o Estatuto de Autonomía de Galicia llexítima a actuación lexislativa da Comunidade Autónoma de Galicia no eido da protección da familia, da infancia e da adolescencia, no seu artigo 27, apartados 23 e 24, nos seus títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario.

A Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local establece no seu art. 25.1 que o municipio, para a xestión dos seus interese e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan a satisfacción de necesidades da comunidade

veciñal. Asemade no seu art. 25.2 K expresa que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de prestación dos servizos sociais e da promoción e reinserción social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no art. 2 pto. 3 di que: os poderes públicos fomentarán, así mesmo, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei. No seu artigo 3º, entre os obxectivos do sistema galego de servizos sociais -, no pto g) inclúese “promover e dinamizar a participación comunitaria, o asociacionismo solidario, a axuda mutua e a implicación da cidadanía na posta en marcha de iniciativas de prevención e mellora da cohesión social”.

A Lei 3/1997, de 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia, di no seu artigo 3º- principios reitores -, no canto á primacía do interese do neno e a nena e do/da adolescente sobre calquera outro (apartado 3) e a coordinación de actuacións con todo tipo de organismos e institucións públicas e/ou privadas, que interveñan na protección, defensa e atención á familia e á adolescencia, promovendo criterios comúns e actuacións múltiples nas ordes familiar, educativa, sanitaria, cultural e social(apartado 9).

III.- No obxecto do convenio concorren singulares circunstancias de interese público, social, e humanitario e por tal motivo ambas partes coinciden na necesidade de establecer unha cooperación que tenda a aunar os seus esforzos de cara a evitar a inadaptación e a exclusión social de menores en situación de risco, artellando a incorporación das nenas e nenos con procesos de socialización deficitarios á estrutura social. As accións de carácter preventivo para abordar situacións de inadaptación social, en concreto, as dirixidas á infancia, téñense amosadas como eficaces. Por esta razón, a experiencia desenvolvida dende a administración e dende outras entidades de participación centradas no traballo na comunidade, fan pensar a necesidade de continuar con elas.

IV.- De acordo con todo o anterior, as entidades que interveñen conclúen o presente convenio cuxo obxecto é fixar os termos da colaboración entre as partes para o desenvolvemento dun proxecto de atención á infancia, de entre 6 e 12 anos do barrio de Teis, preferentemente, a través de apoio psicopedagóxico, lúdico e social tentando prever situacións de risco mediante a execución das actividades que se describen a continuación no pacto primeiro.

V.- O convenio a subscribir entre o Concello de Vigo e a asociación Plan Comunitario de Teis queda fora do ámbito da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do sector público, por figurar excluído no artigo 4 de citada Lei.

VI.- A asociación Plan Comunitario de Teis áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das certificacións que figuran no expediente.

En atención a estas consideracións, as organizacións abaixo asinantes, desexando estreitar lazos, unir esforzos e actuar para mellorar as condicións de vida e a plena participación social da cidadanía e comunidades destinatarias da súa actividade e co obxectivo común de mellorar a situación dos/as menores en risco social, lembran subscribir o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

P A C T O S

Primeiro.-

A asociación Plan Comunitario de Teis comprométese a colaborar coas Concellería de Benestar Social, Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística do Concello de Vigo para o desenvolvemento dun proxecto de atención á infancia, de entre 6 e 12 anos, preferentemente, do barrio de Teis, mediante unha serie de actuacións centradas no apoio educativo, apoio escolar e de integración nas actividades de lecer enmarcadas en diferentes áreas:

- Área 1: Apoio educativo mediante a realización de actividades que lles permitan adquirir valores, actitudes e habilidades sociais útiles nas relacións interpersonais.*
- Área 2: Apoio escolar que consistirá na adquisición de hábitos de estudo mediante a realización das tarefas escolares coa supervisión de persoal especializado e a posible colaboración de voluntarios/as.*
- Área 3: Espazo de xogo dirixido, actividades lúdico-educativas, propiamente ditas, e campamentos vacacionais.*
- Área 4: Integración nas actividades de lecer que se levan a cabo no Plan Comunitario de Teis.*

O Plan Comunitario de Teis comprométese, ademais, con carácter transversal a todas as accións de apoio, incorporar cos nenos e nenas unha perspectiva de xénero na que se traballe, entre outros aspectos, o fomento da corresponsabilidade doméstica, a visibilidade das achegas das mulleres á Historia, as desigualdades de xénero que aínda perduran na nosa sociedade e a eliminación de roles e estereotipos sexistas. Incorporar no equipo técnico persoas con formación en xénero e igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e favorecer a formación continua neste eido a todo o equipo.

Así mesmo, na redacción de textos, materiais gráficos e contidos das actividades utilizarase unha linguaxe e imaxes non sexistas e empregaranse guías e demais ferramentas educativas e lúdicas que promovan a coeducación entre as nenas e os nenos.

Serán destinatarios directos do proxecto os nenos e nenas de 6 a 12 anos do barrio de Teis, derivados polo equipo do programa de intervención familiar do Concello de Vigo, polas profesionais de Atención Primaria, tanto do Concello como do sistema sanitario, polos centros educativos e polo Centro de Información á Muller do Concello de Vigo.

Así mesmo, a experiencia acumulada do traballo realizado no barrio de Teis, constata unha demanda crecente na poboación de orixe estranxeira, especialmente no colectivo de mulleres inmigrantes no que concorren características que o convirte nun colectivo extremadamente vulnerable: o feito de ser muller, inmigrante, e traballadora son feitos que illados xa son considerados factores de vulnerabilidade, pero unidos fan soportar a este colectivo unha situación de múltiple marxinação.

O Plan Comunitario de Teis comprométese a traballar con este colectivo desde unha perspectiva de xénero, integrando ás mulleres inmigrantes residentes no barrio a través da alfabetización, da procura da súa visibilización, do fomento da solidariedade, da mellora das súas destrezas comunicativas, e desenvolvendo de xeito transversal a todos os contidos, o principio de igualdade entre mulleres e homes.

Así, este programa de integración para mulleres de orixe estranxeira que se inclúe no marco deste convenio cumpre os obxectivos do “IV Plan de Igualdade Integral municipal de oportunidades entre mulleres e homes” aprobado pola corporación municipal para o período 2009/2012, xa que este documento propón unha serie de actuacións na área de Atención á Diversidade, que teñen como obxectivo eliminar as dobres e triplas discriminacións de xénero: edistas, racistas, diversidade funcional, mulleres prostituídas..., porque aínda que o feito de ser muller supón a existencia de desigualdades de xénero, é importante considerar que coexisten diferentes discriminacións en función do colectivo de mulleres que corresponda.

A asociación Plan Comunitario de Teis comprométese a prestar os servizos e a desenvolver os proxectos e actividades obxecto do presente convenio axustándose ós criterios de responsabilidade social,

coherencia, transparencia e calidade que son esixibles en todo momento, estando obrigada ó cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social, así como a correspondente cobertura de responsabilidade civil.

Segundo.-

O presente convenio de colaboración terá vixencia dende o día da súa sinatura ata o 31 de maio de 2011.

A dotación económica para a execución dos proxectos e servizos obxecto deste convenio, será aportada polo Concello de Vigo, que se reserva a facultade de solicitar para iso as axudas que estime oportunas, axustándose ó principio de adicionalidade.

A dotación económica para a totalidade do convenio será de 44.550.- (corenta e catro mil cincocentos cincuenta) euros, a financiar con achegas de catro Concellerías:

1. A Concellería de Benestar Social aporta unha cantidade de 21.000.- (vinte e un mil) euros con cargo á partida 2310.226.09.07 – programa menores - convenio infancia, ou a súa bolsa de vinculación.
2. As Concellerías de Xuventude, Igualdade e Normalización aportan 23.550.- (vinte e tres mil cincocentos cincuenta) euros, desagregado do xeito seguinte:
 1. Xuventude: 12.850.- (doce mil oitocentos cincuenta) euros, con cargo á partida 3370.227.99.12.
 2. Igualdade: 7.700.- (sete mil setecentos) euros, con cargo á partida 2311.227.99.06, ou a súa bolsa de vinculación.
 3. Normalización: 3.000.- (tres mil), con cargo á partida 1692.227.99.04, ou a súa bolsa de vinculación.

Os pagamentos efectuaranse do seguinte xeito:

- Un 50% da cantidade anual, á sinatura do convenio.
- Un 25% adicional no mes de decembro de 2010.
- O 25% restante, contra a xustificación do total do gasto realizado ata o 31 de maio de 2011 e presentación da memoria anual.

Os abonos, excepto o primeiro, realizaranse contra a presentación dos documentos que acrediten a realización do gasto. Estes documentos se presentaran no rexistro xeral dirixidos a técnica do Departamento de Benestar Social, responsable do programa. A técnica informará sobre a xustificación económica facendo constar que o obxecto do convenio estase a realizar coas condicións estipuladas na memoria que se achegará.

Terceiro.-

As partes establecerán iniciativas de divulgación e difusión dos contidos deste convenio ás actuacións que se desenvolvan no marco do mesmo, co obxecto de garantir o maior grao de coñecemento destes proxectos pola sociedade e, en particular, polos propios interesados. A identificación destes proxectos levarase a cabo de forma que a identidade corporativa das entidades que asinan se respete en todo momento e o carácter público da iniciativa sexa coñecido por parte da poboación usuaria da mesma e por parte da cidadanía en xeral.

Cuarto.-

Co obxectivo de garantir a adecuada coordinación e cumprimento dos compromisos e obxectivos antes expostos, así como para resolver as controversias, dúbidas ou interpretacións do convenio, se creará unha comisión de seguimento que desenvolverá as funcións que ó respecto sexan necesarias e, entre outras, as seguintes:

- A elaboración de propostas que conduzan á consecución dos obxectivos do convenio. A elaboración e execución efectiva das propostas será obxecto da competente supervisión por parte do Concello de Vigo.
- A determinación dos obxectivos do plano anual de traballo.
- A supervisión dos procesos de coordinación cos servizos sociais de atención primaria, informes de seguimento e avaliación do seu desenvolvemento.
- A realización de cantas accións sexan precisas para impulsar os obxectivos previstos.

A tal fin, dita comisión de seguimento estará integrada por catro representantes de cada unha das partes asinantes, sendo presidida por un/unha representante do Concello de Vigo.

Por parte do Concello os representantes serán: a Concelleira-Delegada de Benestar Social ou persoa en quen delegue que actuará como presidenta e as técnicas do Departamento de Xuventude, Igualdade, Normalización Lingüística e Benestar Social responsables do proxecto. Esta última actuará como secretaria.

A comisión de seguimento poderá decidir a creación de grupos de traballo para o desenvolvemento da súa actividade naquelas materias que así o requiran.

Quinto.-

A asociación Plan Comunitario de Teis, con suxeición á normativa aplicable e ós termos dos convenios e instrumentos que ó efecto se subscriban, desenvolverá estes proxectos e actuacións con profesionais asignados a tal fin, en exclusividade para o Concello, obrigándose ao estrito cumprimento das instrucións do Concello de Vigo.

A entidade asociación Plan Comunitario de Teis poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña relación laboral destas persoas co Concello.

Sexto.-

A asociación Plan Comunitario de Teis coordinarase coas profesionais que están a traballar no programa de intervención familiar do Departamento de Benestar Social, así como coas traballadoras sociais de atención primaria naqueles casos onde se estea intervindo conxuntamente e, naqueles casos onde se considere necesaria unha intervención máis específica. Dita coordinación será pautada por ambas as partes segundo as necesidades.

Sétimo.-

Calquera incumprimento das estipulacións establecidas neste convenio, a entrega de documentación fraudulenta ou a desviación do obxecto do gasto para fins distintos dos estipulados, terán carácter

liberatorio para o Concello respecto dos compromisos contraídos, en especial, dos de carácter económico e dará lugar á rescisión automática do presente convenio e a devolución das cantidades percibidas.

En especial, procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora dende o pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos seguintes casos:

- *Incumprimento total ou parcial das obrigas respecto da actividade ou proxecto obxecto do convenio.*
- *Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente dos gastos relativos ás actividades obxecto do convenio.*
